CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XIV - Nº 163. Agosto 2019. Distribución gratuíta

Melide traslada aos xulgados o problema dos vertidos ao Furelos

Trala vertedura do pasado 12 de xullo dende o polígono industrial de Melide ao río Furelos, que causou unha mortaldade de 10.000 peixes, o Concello de Melide presentou unha denuncia ante o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Arzúa, por se fose constitutiva dun delito medioambiental. O Goberno local tamén procedeu ao precinto das conexións á rede de saneamento das empresas sinaladas por Medio Ambiente como responsables. P11

COMARCA
Queixas pola redución de profesores no colexio de Sobrado P13

CULTURA
Os Melidaos presentan novo disco, *Tribo nosa* P19

ENTREVISTA

Javier Tarrío, (P23) Floristería e Floricultura Tarrío

Juan Magán e Alex Ubago, estrelas do San Roque 2019

Once días de celebración que inclúen os días do Río, da Bici e do Neno, e máis de vinte actuacións musicais para todos os gustos forman o cartel deste ano. P10

Chega a primeira edición do Mercamelide no Camiño

Por primeira vez trasládase ao cantón de San Roque. Participan 23 establecementos e haberá animación, xogos, obradoiros e un sorteo nas redes sociais. P3

Editorial

De ‘falsos’ e de ‘autónomos’

“Galicia, una gran fábrica de falsos autónomos”, “UGT denuncia ante Inspección a Amazon por los falsos autónomos” ou “Los falsos autónomos cuestan 592 millones a la Seguridad Social” son só algúns dos titulares que nos últimos tempos aparecen na prensa escrita, pero poderiamos citar moitos máis exemplos.

Á situación xa de por si complicada para este colectivo súmaselle agora esta polémica que vén de anos atrás, aínda que especialmente acentuada nos últimos meses sobre todo entre o gremio dos repartidores de comida a domicilio, máis coñecidos como ‘riders’.

Afortunadamente, hai uns días tamén coñeciamos un titular esperanzador: “La Seguridad Social gana el macrojuicio contra Deliveroo: los ‘riders’ son asalariados, no autónomos”; e dicimos titular esperanzador porque dita sentenza, a maior ata o momento, supón un importante paso no respaldo a aqueles que defenden que estes repartidores son asalariados e non autónomos.

Aclarar este conflito é fundamental para que os traballadores, neste caso os ‘riders’ pero tamén outros falsos autónomos, teñan coñecemento de cales son os seus dereitos e garantías á hora da protección social. Trátase dun fraude laboral que é necesario combater para evitar a extrema precariedade no traballo que en moitos casos xa se padece, e principalmente entre o colectivo dos autónomos.

O caso é que este modelo non deixa de proliferar en diferentes sectores xa que é a forma máis barata de aumentar o cadro de persoal dunha empresa aforrando os custos da Seguridade Social. E o peor é que a esta situación hai que sumar “a sangría na afiliación dos Autónomos”, tal e como vén de publicar a Federación de Autónomos de Galicia.

É evidente que son os grandes desprotexidos do mercado laboral, sen un plan de apoio verdadeiramente eficaz máis que unha tarifa plana de 50 euros durante os primeiros meses. Por iso esta sentenza abre o camiño á unha posible reestruturación das relacións laborais, definindo a situación de autónomos e asalariados sen que teñan cabida artimañas como as dos “falsos autónomos” que só benefician aos de sempre, ás grandes empresas.

Non debemos consentir este fraude basicamente porque nos prexudica a todos, por iso cumpre denunciar ante a Inspección este tipo de abusos, e é que mentres non tomemos conciencia do problema continuaremos contribuíndo ao aumento da máis absoluta precariedade laboral.

Tribuna de opinión

“Experimento no Camiño”

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Despois de moitas reunións, dúbidas e de barallar incluso a posibilidade de suspender a edición de verán, chega a primeira edición de Mercamelide no Camiño. Haberá que agardar ao seu remate para facer balance, pero que pasemos dunha participación de 14 a 23 comercios en pleno mes de agosto parece ser un bo indicador.

A principal novidade é que se celebrará por primeira vez no Cantón de San Roque grazas á colaboración do Concello de Melide. Sabemos que son datas complicadas debido á proximidade coas festas da vila, por iso non nos queda máis que agradecer esa colaboración que tanto pediamos meses atrás.

Escoitarnos, o bo entendemento e tratar de buscar solucións conxuntas dan o seu froito e, neste caso deron como resultado unha nova etapa dentro da feira de oportunidades que dende hai anos vimos organizando.

É preciso agradecer tamén a disposición dos comerciantes. Somos coñecedores do esforzo que supón trasladar as mercadorías, os posibles contratempos de estar ao aire libre, o cambio de emprazamento e de datas e, que aínda así sumen esforzos por participar e non deixar morrer unha oportunidade como esta tamén é de agradecer.

Veremos como se desenvolve a edición, de momento a ilusión non nola quita ninguén. É un experimento no que seguramente se cometan erros, pero tamén acertos, así que unha vez finalizada volveremos a sentarnos sempre coa intención de buscar a mellor opción para todos. De momento só nos queda animar a todo o mundo a participar deste “experimento no Camiño”.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Asociación Veciñal Melidá, alumnos e alumnas do IES Melide, Xosé Núñez López
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....10
- COMARCA.....13
- CULTURA E LECER 19
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23

Mercamelide reúne a 23 comercios no cantón de San Roque o 9 e 10 de agosto

A feira de oportunidades do comercio melidense, o Mercamelide, chegará á vila na súa edición de verán cargada de novidades, empezando polas datas e o emprazamento. Celebrarase os días 9 e 10 agosto, venres e sábado, e situarase por primeira vez no cantón de San Roque, ao aire libre, en lugar de no Palacio de Congresos como viña sendo habitual.

"O cambio de localización do Mercamelide cremos que vai a ser todo un acerto, proba diso é o incremento de participantes en comparanza á mesma feira organizada o ano pasado. Pretendemos dinamizar o noso comercio local, darlle pulo e incentivar un dos factores máis importantes na nosa vila como é o comercio de proximidade", apuntou durante a presentación do que será o primeiro Mercamelide no Camiño o concelleiro de Promoción Económica, Xosé Igrexas.

Pola súa parte, Pilar López, xerente do Centro Comercial Aberto – Asetem, destacou a "ilusión dos comerciantes con esta iniciativa innovadora e pioneira na vila".

Situado en pleno camiño peregrino, o I Mercamelide no Camiño contará coa participación de 23 establecementos, fronte aos 14 do ano 2018 neste mesmo período.

En canto aos horarios, a feira de oportunidades abrirá o venres 9 de agosto en horario de 17.00 a 22.00h, e o sábado día 10 dende as 11.00 ata as 20.00h de maneira ininterrompida para facilitar as compras a veciños e visitantes.

Como en edicións anteriores están confirmados postos de sectores moi variados, como por exemplo calzado, téxtil, menaxe, alimentación, moblerías, e outros novidosos como establecementos de novas tecnoloxías, seguros e incluso beleza.

Sorteo nas redes sociais

Outra das principais novidades nesta primeira edición do Mercamelide no Camiño será a celebración dun sorteo a través das redes sociais. Deste xeito, todas aquelas persoas que visiten o Mercamelide e se fagan unha fotografía nalgunha das tendas participantes entrarán no sorteo dun vale de 90 euros para gastar entre os comercios do Mercamelide. Para participar só teñen que subir unha fotografía comprando no Mercamelide ás redes sociais e etiquetar a páxina de Facebook da asociación de empresarios (@asetemmelide), co hashtag #Mercamelide. A imaxe que máis "me gustas" teña será a gañadora do vale de 90 euros. O gañador do concurso darase a coñecer o luns día 12 de agosto.

Actuacións musicais e animación

Paralelamente ao I Mercamelide no Camiño, Concello de Melide e Asetem organizan unha completa programación de actividades para fomentar e animar a xornada de compras na vila. Venres e sábado haberá animación infantil, xogos e talleres.

Finalmente, tanto o venres como o sábado poñerase o punto final a cada xornada de compras con actuacións musicais. O venres 9 de agosto a cita será co músico Roi Casal no parque Rosalía de Castro ás 22h, e o sábado 10 de agosto, será a quenda para os grupos The Cerne e Strobos na praza do Convento ás 22h. Todas as actividades son gratuítas.

Xosé Igrexas e Pilar López durante a presentación deste Mercamelide, e montaxe dos postos no cantón para os días de feira

www.floristeriamaru.es
floristeria.maru@gmail.com
Floristería Maru / María Cabado

Floristería MARU

Vodas, comuñóns, bautizos... no día máis especial elixe a confianza e o saber facer de Floristería Maru

Rúa do Convento, 9
15800 · A Coruña
Tlfns. 981 50 75 80 / 607 50 75 79

PERITOS MELIDE

Javier López López - ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049
peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Informes de validación gráfica alternativa
- Fotos antigas do Catastro
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos e traídas de auga

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

mercamelide
no Camiño
CANTÓN DE SAN ROQUE
Feira de oportunidades
9 agosto, de 17:00 a 22:00 h
22:00 h Actuación de ROI CASAL
parque Rosalía de Castro
10 agosto, de 11:00 a 20:00 h
22:00 h Actuación de THE CERNE e STROBOS
praza do Convento
FOGAR, MOBLE, MENAXE, MODA, DECORACIÓN, SEGUROS, DEPORTES, MERCERÍA, COMPLEMENTOS, NOVAS TECNOLOXÍAS, CALZADO, LENCERÍA, PERFUMERÍA, BELEZA...
A partir das 12:30 h e das 18:00 h
ANIMACIÓN INFANTIL, XOGOS E TALLERES
AS DÚAS XORNADAS
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA.
Dirección xeral de comercio.
CONCELLO DE MELIDE
CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
galicia

Gran festa infantil o 27 de setembro dentro da campaña de 'Volta ao cole'

A edición anterior da festa infantil foi todo un éxito

Un ano máis, e por segunda vez consecutiva, a Asociación de Empresarios Terra de Melide - Centro Comercial Aberto organiza a campaña "Volta ao cole". A dinámica será a seguinte: todos os tíckets dos locais asociados por valor igual ou superior a 10 euros, dende o 1 ao 27 de setembro, darán acceso a unha gran festa infantil que se celebrará o venres 27 de setembro. A festa terá lugar en horario de 17.00 a 20.00 horas no parque Rosalía de Castro e, en caso de non acompañar as condicións meteorolóxicas trasladarase ao Palacio de Congresos e Exposicións. Os tíckets, que poderán ser de calquera artigo, trocaranse o propio día da festa por pulseiras identificativas que permitirán así a entrada e participación nas diferentes actividades da mesma.

Chega o Bono Asetem con descontos na volta ao cole para "todas" as familias

Paralelamente á campaña da "Volta ao cole" organízase a do Bono Asetem, que este ano repartirá case 1.000 euros en vales de compra. Como novidade ademais, esta edición conta con dúas modalidades: unha para familias numerosas e outra para todas as demais familias.

Familias numerosas

Entregarase un vale de 10 euros para familias numerosas por compras iguais ou superiores a 60 euros en calquera dos establecementos asociados, aínda que iso si, só por compras en artigos relacionados exclusivamente coa volta ao cole. É dicir, roupa, calzado, material escolar e deportivo, ou libros por exemplo. Unha vez que se realice o gasto (que pode ser un único tícket de 60 euros ou varios que sumen dito importe), os interesados poderán recoller o bono desconto de 10 euros en Asetem presentando o tícket de compra e o carné correspondente de familia numerosa.

Familias non numerosas

Entregarase un vale de 6 euros para todas aquelas familias que fagan as súas compras en calquera dos establecementos asociados, por compras iguais ou superiores a 60 euros e tamén única e exclusivamente en artigos relacionados coa volta ao cole. Unha vez feito o gasto deberán recoller o bono desconto de 6 euros en Asetem presentando o tícket de compra e o DNI.

En calquera das dúas modalidades só será entregado un vale desconto por familia. Ademais, os vales deberán corresponder ao mes de setembro de 2019, e poderanse recoller nas oficinas de Asetem-CCA ata o día 4 de outubro. Unha vez recollidos, as familias terán de prazo ata o 31 de outubro para investilos en calquera comercio asociado.

POR SER DE XUSTIZA

Eva Novás
Avogada

Nos últimos meses vense falando moito da lexítima defensa, especialmente dende as últimas eleccións, con algunhas propostas concretas sobre o uso de armas, e tamén a raíz dalgún caso que se deu a coñecer nos medios de comunicación, como foi o do chamado "Borja El Altruista", condenado por homicidio imprudente a causa da súa intervención tras ver como roubaban o bolso dunha muller.

Nuns casos por descoñecemento e noutros por interese, parece que se pretende modificar o que significa a lexítima defensa que, sen embargo, se atopa perfectamente definida e desenvolvida, pois que se aprecie ou non depende do estudo detallado de caso concreto. Trátase dunha circunstancia que modifica a responsabilidade penal, eximindo dela ou atenuándoa, en delitos cometidos contra a vida, a integridade e outros dereitos subxectivos. O noso Código Penal establece que para determinar que existe lexítima defensa deben existir tres requisitos imprescindibles que son, en primeiro lugar, que exista unha agresión ilexítima contra a que se actúe, en defensa da persoa ou de dereitos propios ou alleos. Se se trata de defender bens, será agresión ilexítima o ataque que constitúa un delito e que os poña en perigo inmediato de deterioro ou de perda. Cando se trata de defender a casa, a morada, considérase agresión ilexítima a entrada indebida. Debe tratarse dun acto de ataque ou forza real, que cree unha situación de risco para a vida ou a integridade persoal. Non un mero temor ou unha apreciación subxectiva dese risco ante unha actitude meramente ameazadora. Este é o requisito imprescindible do que dependen os dous restantes.

O segundo elemento necesario é que exista unha necesidade racional do medio empregado para impedir ou repeler a agresión ilexítima. Isto é decisivo, pois trátase de determinar que o medio de defensa é necesario e racional, sen que nesa situación existan outras alternativas válidas para defenderse, e que se trata dun medio proporcional ó ataque, nunca excesivo. Doutro xeito, estaríamos ante un exceso na defensa, aínda que a agresión sexa ilexítima. Como exemplo, e en relación ó uso de armas, se nun asalto ou un ataque o agresor non emprega armas, ou ben emprega instrumentos distintos, non será proporcional a defensa disparando contra o agresor. O último requisito é a falta de provocación suficiente por parte do defensor, o que significa que non pode existir unha incitación ou provocación que cause o ataque do que despois pretenda defenderse lexitimamente.

Cada caso debe valorarse de forma separada e minuciosa antes de determinar se existiu ou non unha actuación en lexítima defensa. No caso da condena por homicidio imprudente que impón un xulgado de Málaga ó rapaz que actuou para recuperar un bolso roubado, tamén se ponderaron todos estes elementos. E aparte do debate, das consideracións persoais que se fixeron, das comparacións en ocasións moi desafortunadas, en atención ás circunstancias non pode concluírse que existise unha actuación en lexítima defensa, senón unha infracción do deber de coidado que todas as persoas teñen que gardar no seu comportamento e na súa conducta en sociedade, pois deben valorar antes de actuar os riscos que poden crear os seus feitos.

Neste caso, apréciase que o condenado infrinxiu esta obriga de coidado e actuou de forma perigosa, dándolle á vítima, que roubara o bolso, dous golpes, un deles na cabeza, sen que existira xustificación por máis que escapara co bolso. Pois ben puido o defensor utilizar outros medios menos perigosos, xa que todas as persoas saben que os golpes, e sobre todo nunha zona vital, entrañan perigo de lesión que, desexada ou non, pode ocasionar a morte, tal como sucedeu. Non existe lexítima defensa porque o condenado, aínda que actuase coa intención de colaborar como cidadán evitando un roubo, non recibiu unha agresión ilexítima senón que voluntariamente decidiu seguir á vítima, alcanzala e golpeala, e, cando viu que esquivou os golpes, finalmente doulle dúas puñadas. Por tanto, a agresión non foi unha actuación exclusivamente paralizante ou neutralizadora dun ataque inxusto ou inesperado do adversario. O condenado actuou imprudentemente ó ignorar as consecuencias que podía ter a súa conducta, que resultou na morte dunha persoa, aínda que este non fora o resultado buscado nin desexado e a súa intención fora a de impedir unha actuación inxusta.

Eva Novás Mato
Avogada
Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

Os Días Azuis repartirán máis de 16.000 euros en premios na edición de outono

A Federación Galega de Comercio porá en marcha unha nova edición da campaña dos Días Azuis do Comercio Galego en outono; será neste caso entre os días 1 e 20 de outubro, ambos incluídos.

De novo, a iniciativa bota a andar en colaboración coa Xunta de Galicia, ABANCA e as federacións provinciais, asociacións de comerciantes e centros comerciais abertos de Galicia.

Desta vez, tal e como apuntaron dende a Federación, alongouse un pouco máis o período de campaña co obxectivo de "gañar impacto e participación, ao tempo que se estende a repercusión da campaña a nivel de vendas e dinamización do sector".

Unha vez rematada a edición realizarase o sorteo dos premios ante notario o xoves 24 de outubro, mentres que a entrega dos mesmos terá lugar nun acto en Santiago de Compostela nunha data aínda por determinar a comezos do mes de novembro.

Premios

Sortearanse novamente 16.200 euros en premios para os clientes; repartidos en tarxetas prepago de 300 e 150 euros (para volver a mercar no comercio de proximidade galego). En canto á dinámica, será necesario mercar nos establecementos do comercio de proximidade galego e rexistrar a compra e fotografía do tícket en www.diasazuis.com; ou ben que a rexistre o comerciante en www.diasazuis.com/comercios, duplicando deste xeito a participación do cliente no sorteo.

Xornadas

Por outra banda, a partir do mes de setembro a Federación Galega de Comercio retomará a realización de xornadas de divulgación en materia de dixitalización e transformación tecnolóxica e da plataforma dixital centralizada E-Ticket, entre outras actividades.

A afiliación dos autónomos, "en picado"

A Federación de Autónomos de Galicia volveu alertar da sangría na afiliación de autónomos que "cae en picado". Segundo os datos do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social "a creación de emprego dá síntomas de esgotamento e continúa a sangría de autónomos". Así, apuntan, durante o mes de xullo a Seguridade Social sumou 15.514 contribuíntes, o peor dato de emprego dende 2012. Esta cifra, "aínda que positiva é moi inferior" ao incremento en 35.819 afiliados de 2018 e ao aumento de 56.222 afiliados rexistrados en xullo de 2017, lamentan.

Por outra banda, o desemprego descendeu en 4.253 persoas no mes de xullo, un descenso do 0,1%; o máis baixo desde 2008.

"Estamos ante unha desaceleración da economía que empeza a pasar factura no emprego", sinalan dende a Federación. "A inestabilidade e parálise política na que levamos instalados desde hai demasiado tempo, coas súas Señorías Parlamentarias deixando o seu traballo para setembro empeza a pasarnos a todos factura, e como sempre os autónomos levamos a peor parte". Destaca o feito de que un dos sectores peor parados é o do comercio, no que se perderon 766 licenzas.

Ante estes datos dende a Federación de Autónomos de Galicia reclaman "un plan que fomente o autoemprego en sectores que poidan consolidarse e dotar a eses empregos de estabilidade; así como crear mecanismos de financiamento eficientes para os autónomos, un programa de relevo xeracional que facilite a supervivencia dos negocios viables, eliminar trabas burocráticas e, en definitiva, crear as condicións para que os autónomos poidan traballar dignamente e crear riqueza e emprego".

SABER DE LEI

Operación Saída

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

Agosto é o mes por excelencia do descanso, a pesar de que algúns aínda nos quedamos traballando, unha gran maioría da poboación goza das súas merecidas vacacións neste mes do ano. A Dirección Xeral de Tráfico prevé 47 millóns de desprazamentos, polo que puxo en marcha dispositivos especiais de vixilancia do tráfico. Entre estes dispositivos destacan a utilización de drons nas zonas de maior risco de accidentes para velar polo cumprimento da normativa de tráfico vixente. A infracción captada polos drons poderá ser notificada no mesmo acto por un axente de tráfico ou poderá ser tramitada a posteriori polas autoridades competentes. Durante este mes tamén se aumentarán os controis preventivos de alcoholemia e os controis de velocidade, principalmente nas estradas convencionais. Aos condutores en ocasión estas medidas parécennos esaxeradas e desmesuradas, pero o certo é que son necesarias, xa que no 2018 morreron 1.806 persoas na estrada, nos 102.299 accidentes rexistrados ese mesmo ano. Para reducir o número de sinistros é polo que estas medidas e campañas da DXT son necesarias e fundamentais. En moitas ocasión as infraccións cometidas na estrada son castigadas por vía administrativa, pero estas infraccións poden ser constitutivas de delito e polo tanto castigadas por vía penal. Varios son os delitos de tráfico que podemos cometer,segundo recolle o Código Penal:

1.- O consumo de drogas ou alcohol. A taxa de alcohol para que constituía delito é de 0,60 mg/l (aire aspirado no alcoholímetro), ou os 1,2 g/l (análise de sangue). De 0,25 miligramos (que é o permitido) ata 0,60 sería castigado con sanción administrativa. A pena de cadea será de 3 a 6 meses ou multa de 6 a 12 meses ou traballos en beneficio da comunidade de 31 a 90 días, e en calquera caso privación do dereito a conducir vehículo a motor ou ciclomotores de entre 1 a 4 anos. Se o condutor infractor recoñece os feitos e está de acordo coa sanción, a condena redúcese nun terzo. No caso de conducir baixo os efectos das drogas, psicotrópicos ou estupefacientes é máis obxectivo, xa que será o axente quen detecte esa influencia mediante signos externos, independentemente do test de drogas en caso de ser realizado. Dende o punto de vista administrativo a simple presenza de drogas no organismo é suficiente para multar por conducir baixo os efectos das drogas con 1.000 euros e coa perda de 6 puntos.

2.- Negarse a someterse á proba de alcohol ou ao test de drogas tamén é constitutivo de delito, xa que é considerado un delito de desobediencia grave. E será castigado con pena de cadea de 6 meses a 1 ano e a privación de conducir vehículos a motor ou ciclomotores por un tempo de 1 a 4 anos.

3.- O exceso de velocidade, como indica o artigo 379.1 do Código Penal, tamén pode ser constitutivo de delito. Serán castigados os que conduzan a unha velocidade superior en 60 km/h á permitida en vía urbana, e en velocidade superior en 80km/h en vía interurbana. O castigo será de pena de cadea de 3 a 6 meses ou multa de 6 a 12 meses e traballos en beneficio da comunidade de 31 a 90 días, e a mesma privación de conducir que nos anteriores.

4.- Conducir sen carné, ben sexa porque nunca se obtivese a licenza, pola perda da totalidade dos puntos ou ben sexa por retirada do mesmo por vía xudicial. A pena de cadea é de 3 a 6 meses, de multa de 12 a 24 meses ou traballos en beneficio da comunidade de 31 a 90 días.

5.- Por condución temeraria, onde se poña de manifesto a temeridade e en concreto en perigo a vida e a integridade das persoas será castigado o condutor con penas de cadea de 6 a 24 meses e a privación do dereito a conducir por un tempo superior de 1 ata 6 anos. E podería ser castigado con penas de cadea de 2 a 5 anos, multa de 12 a 24 meses e privación do dereito a conducir durante un período de 6 a 10 anos, nos casos contemplados no art.381 do C.P, para os casos máis flagrantes, onde se realiza a condución temeraria con manifesto desprezo pola vida dos demais.

6.- Abandono do lugar do accidente. Se o condutor que provoca o accidente abandona o lugar do mesmo, dándose de tal xeito á fuga e deixando feridos no mesmo, a pena de cadea será de 3 a 6 meses. E no caso de que a vítima do sinistro faleza a pena podería chegar ata os 4 anos de cadea. No caso de que o abandono sexa fortuíto a pena será de 3 a 6 meses de cadea e a privación do dereito de conducir de 6 meses a 2 anos.

A lei 2/ 2019, de 1 de marzo, modifica e endurece o Código Penal en materia de imprudencia na condución de vehículos a motor ou ciclomotor, para castigar con máis dureza os delitos cometidos ao volante, polo que se agravan no caso de que o infractor consumise drogas ou alcohol, ou no caso de exceso de velocidade -considerándose imprudencias graves-, e no caso de que haxa falecidos como consecuencia do mesmo, as penas de cadea poden ir dende os 6 aos 9 anos, e dependendo do número de mortes ocasionadas ou lesións moi graves, poderá ser máis grave dita sanción.

Con todo isto é fácil darse conta de que en moitas ocasións podemos realizar unha acción constitutiva de delito por un mero despiste, ou por unha mera acción imprudente, polo cal é moi importante que todos sexamos conscientes da responsabilidade que ten conducir, polo que debemos concienciarnos de que debemos ser prudentes e respectar a normativa vixente de seguridade viaria, non só para evitar sancións administrativas ou penas de cadea, senón para conseguir que a Operación Saída (no só a de vacacións, senón a do día a día), sexa tamén Operación Retorno.

Tchin Tchin

— ESPECIAL VERANO —


REF: NAIM

REF: NAOMIE

REF: MAGIC 27

TU 2º Y 3er PAR DE GAFAS POR 1€ MÁS*

Descubre la colección en **afflelou.es**

*Oferta válida del 03/06/2019 al 31/08/2019. Ver condiciones en óptica. Nº R.S.: E-15-001258

C/RONDA DA CORUÑA, 16
981 50 60 97 - MELIDE

ALAIN AFFLELOU

ÓPTICA, E 15001258 / AUDÍFONOS, E 15001259

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E.15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

garcíasomoza
CLÍNICA DENTAL
garcíasomoza.es

Mª DOLORES GARCÍA SOMOZA
Odontóloga, Implantóloga y Prostodoncista
Miembro Col. 409 Colegio de Odontólogos de A Coruña

ANTONIO GARCÍA SOMOZA
Odontólogo, Ortodoncista e Invisalign Platinum Elite Provider
Miembro Col. 407 Colegio de Odontólogos de A Coruña

PALOMA CABIRTA MELÓN
Odontóloga y Ortodoncista
Miembro Col. 1667 Colegio de Odontólogos de A Coruña

ALFONSO SANDE
Cirujano oral e Implantólogo
Miembro Col. 1431 Colegio de Odontólogos de A Coruña

NURIA RÍO MIGUÉLEZ
Auxiliar de Enfermería

MARCIAL GARCÍA SOMOZA
Técnico en Prótesis Dental
Auxiliar de clínica

ANA MARÍA RUBÍN NORIEGA
Atención al Paciente

ODONTOLOXÍA · ORTODONCIA · PERIODONCIA · ENDODONCIA · IMPLANTES · PRÓTESIS

AVDA DE LUGO 4, 1ºDCHA - 15800 MELIDE (A CORUÑA)
981 505 527
Rexistro Sanitario: C-15-000608

REPÚBLICA DE EL SALVADOR 30, 1ºB - 15701 SANTIAGO
981 598 886
Rexistro Sanitario: C-15-000655

SAN ROQUE 2019

Juan Magán e Alex Ubago cabezas de cartel nun San Roque tamén orquestral

Melide celebra as súas festas ao longo de once días con diferentes actividades e máis de vinte actuacións

Agosto é o mes das vacacións por excelencia, pero tamén das festas, e máis en Melide porque chega a celebración máis agardada de todo o ano, o San Roque. Gran ambiente, encontros e troula, moita troula ao longo de once días que contarán coas actuacións de Juan Magán e Alex Ubago como cabezas de cartel.

Así se presentan este ano as festas do San Roque, que darán comezo o mércores día 14 coa actuación doutro dos pratos fortes, unha das orquestras máis punteiras do momento como é El Combo Dominicano, e rematarán o sábado 24 de agosto coa música da charanga Leña Verde, o concerto de Leirabuxo e a celebración do Día do Neno.

Polo medio, música variada con orquestras todos os días onde non faltarán as máis coñecidas -Panorama e París de Noia-, e tampouco as actuacións máis tradicionais por parte de conxuntos como Herba Grileira, Froito Novo; as bandas de música de Visantoña, Arzúa e Agolada, ou a Orquestra de Cámara Galega e a Coral Polifónica de Melide. Pola súa parte, entre as actividades destacan de novo o Día do Río, o Día do Neno e o Día da Bici. A entrada é libre e gratuíta a todas as actuacións, que se celebrarán no Cantón de San Roque.

Con fama, e de sobras coñecidas, as festas do San Roque agardan recibir a milleiros de persoas durante once días ininterrompidos de música e actividades que tamén suporán un revulsivo para a hostalería e comercio .

Un 'Verán Cultural' cheo de música e teatro

Alternativas para todas as idades ata o vindeiro 15 de agosto

A programación do Verán Cultural para o mes de agosto no concello de Melide abrangue actividades de todo tipo e para todas as idades; "un programa cultural adecuado para gozar das tardes de verán na vila sen necesidade de desprazarse a outros concellos veciños nin tampouco ás grandes urbes", sinalou durante a súa presentación a concelleira de Cultura, Mayka Basalo.

Pese a que xa arrancou o pasado 26 de xullo, durante os primeiros días de agosto e ata o día 15 as actividades non deixarán de sucederse. Así por exemplo, o xoves 8 de agosto, de 18.00 a 22.00h terá lugar na praza do Convento a actividade "Garabato de xogos: garabateando". Xa o venres día 9, ás 22.00 h, celebrarase no parque Rosalía de Castro a actuación de "Roi Casal, son galego, son cubano"; mentres que o sábado día 10 de agosto, tamén ás 22.00h, será a quenda para a actuación de The Cerne e Strobos na praza do Convento.

A programación do Verán Cultural deste 2019 en Melide rematará con dúas actuacións máis. A primeira será o domingo 11 de agosto ás 21.00h na praza do Convento a cargo da Agrupación folclórica Cantigas e Agarimos, que inclúe unha mostra de música e baile tradicional galego; e a segunda, que porá o punto e final, será o xoves 15 de agosto coincidindo coas festas do San Roque. Neste caso os encargados de pechar serán os membros da Orquestra de Cámara Galega ás dez da noite na praza do Convento.

Sempre que o tempo acompañe a maioría das actividades celebraranse na praza do Convento, en caso contrario desprazaranse á Casa da Cultura ou ao Palacio de Congresos e Exposicións. Todas elas son gratuítas.

O Concello de Melide traslada ao xulgado o problema dos vertidos industriais ao río Furelos

Tamén precintaron as conexións á rede de saneamento das empresas sinaladas por Medio Ambiente como responsables das verteduras

O Concello de Melide presentou unha denuncia ante o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución número 1 de Arzúa para trasladar o problema das verteduras procedentes do polígono industrial da Madanela, por se fosen constitutivas dun delito medioambiental; e é que o pasado 12 de xullo produciuse unha das máis graves, un vertido ao río Furelos que causou a mortaldade de 10.000 peixes.

Xunto á denuncia, o goberno local de Melide tomou tamén a decisión de precintar o pasado luns día 5 de agosto as conexións á rede de saneamento das empresas sinaladas pola Consellería de Medio Ambiente como responsables destes feitos (unha empresa láctea participada pola Xunta e un matadoiro de aves).

Ademais dos expedientes que anunciou a Xunta a empresas e Concello, o río quedou vedado á pesca nun treito (Fotos: A.T.Río Furelos)

"É claro que o venres día 12 de xullo produciuse un envelenamento do río que foi o máis grave desde que se están producindo vertidos; vertidos que xa comezaron, polos datos que manexamos, no ano 2003", sinalou o alcalde de Melide, José Manuel Pérez, "por iso, a partir do momento no que se produciu o vertido procedemos a poñer todos os medios dos que dispón o Concello de Melide para solucionar, paliar e identificar os problemas axeitadamente e, despois de ter entrevistas coas dúas empresas que son mencionadas polos técnicos de Augas de Galicia como as que provocan esta situación, notificámoslles que cesaran inmediatamente as verteduras".

Non obstante, tras realizar a comunicación ás empresas os vertidos non cesaron, "así o constataron os técnicos que viñeron, tanto da Consellería como do Seprona -aclarou Pérez-, por iso este luns decidimos, con todos os informes técnicos e xurídicos dos que dispoñemos, precintar as arquetas de saída para o alcantarillado público". Cumpre sinalar que unha vez se procedeu ao precintado "houbo unha rebaixa de fluxo de máis do 80% de saída", engadiu o rexedor local. Con esta situación, dende o goberno melidense están actualmente "vixiando o cumprimento" de dito precinto.

Colaboración para unha futura depuradora

Xunto a estas medidas que deron a coñecer en rolda de prensa o alcalde de Melide, José Manuel Pérez, acompañado do primeiro tenente de alcalde e socio de goberno, o socialista, José Antonio Prado, e o concelleiro de Medio Rural, Xosé Igrexas, o goberno de Melide vai solicitar un encontro urxente coa conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, para abordar dende a colaboración unha solución. "Desde a administración de Melide vámoslle a pedir á administración da comunidade autónoma de Galicia que colabore con lealdade", manifestou Pérez, e engadiu que "actualmente Augas de Galicia está a executar 36 obras de saneamento (colectores, sumidoiros e EDAR), en colaboración con diferentes concellos; nese sentido, desde o Concello de Melide solicitaremos a cooperación da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para resolver os problemas pendentes no ámbito de saneamento e a depuración de augas no noso municipio, e en especial no polígono industrial da Madanela, a fin de facer compatible a protección ambiental co desenvolvemento económico e a creación de postos de traballo no noso concello".

Neste senso, José Manuel Pérez insistiu en que pedirán unha depuradora "en forma, e senón, buscaremos e exploraremos todas as vías que teñamos ao noso alcance para ver se a podemos acometer nós en caso de que non teñamos colaboración; que esperamos tela porque é unha cuestión boa non só para o pobo de Melide, senón para que en Galicia se vaian tomando en consideración os problemas de medio ambiente".

A petición desta reunión chega días despois de que o alcalde melidense, José Manuel Pérez, acompañado polos seus homólogos de Santiso, Manuel Adán, e de Toques, Miguel Buján, se reuniusen coa conselleira de Medio Ambiente, Ángeles Vázquez, co fin de solicitarlle apoio para resolver o problema. Con todo, "esa reunión de traballo en San Caetano foi pouco produtiva, sen proposta de solución ningunha por parte da conselleira Ángeles Vázquez, que se limitou a botarlle a culpa ao Concello da problemática", lembrou Pérez.

É preciso salientar que o problema das verteduras non só afecta ao concello de Melide. En Santiso precisamente, unha das zonas máis afectadas foi a área recreativa da Cornella, onde o Concello xa instalou carteis nos que se indica que non é aconsellable o baño. "Por estas datas esa área sempre estaba chea de xente de luns a venres, e dende o día do vertido non ten nada que ver", lamentaron dende o consistorio. Ademais de trasladar o problema á fiscalía dende Santiso levan recollidas centos de firmas para esixir que cesen "este tipo de ataques ecolóxicos".

Transparencia

Na rolda de prensa ofrecida para dar a coñecer as últimas novidades en relación a esta problemática o rexedor melidense quixo destacar a transparencia que ofrecerán aos veciños no tratamento deste asunto. "Terán toda a información con total transparencia, non vamos a gardar nada, para que no pobo de Melide poidan analizar por si mesmos que facemos uns e que fixeron outros en relación a este tema", do mesmo xeito que mirarán "se hai algún tipo de responsabilidade por inacción doutras administracións", puntualizou o alcalde.

Pola súa parte, José Antonio Prado, primeiro tenente de alcalde, apuntou que "a transferencia coas forzas e corpos de seguridade do estado -Seprona, xulgado, Policía Autonómica-, é absolutamente total por parte do goberno de Melide, e van a ter traslado de toda a información que nos requiran, ao igual que da data e ano que corresponda".

Un problema de vello

As verteduras procedentes do polígono industrial da Madanela son un problema que xa vén de anos atrás. "Isto non é algo novo, xa que a falta de saneamento no polígono industrial leva sendo un dos principais problemas para Melide e obxecto de igual número de promesas que de incumprimentos, dende o ano 2011 ata a actualidade, por parte do Partido Popular, tanto dende o goberno do Concello como dende o goberno da Xunta de Galicia, mediante anuncios que nunca se cumpriron e si aumentaron a gravidade da situación co paso do tempo", apuntaron.

En relación a isto, o primeiro tenente de alcalde quixo deixar constancia de que "igual que a Xunta sinala a presuntos responsables, nós pensamos que hai uns responsables políticos claros sinalados pola súa ineficacia e desidia, e estes son os dos últimos oito anos, os que prometeron e non cumpriron absolutamente nada. A gravidade que está vivindo agora Melide é que hai un problema ecolóxico, pero tamén social e económico polas consecuencias de descrédito que poda acarrear o noso polígono, e soamente hai un responsable, o partido que prometeu e non cumpriu", concluíu Prado.

AS FRASES

"É claro que o venres día 12 de xullo produciuse un envelenamento do río que foi o máis grave"

"Miraremos se hai algún tipo de responsabilidade por inacción doutras administracións"

José Manuel Pérez
Alcalde de Melide

Adxudican a obra do novo centro de saúde en 2´8 millóns de euros

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, adxudicou a construción do novo centro de saúde de Melide por un importe de 2.868.995 euros. A empresa adxudicataria do concurso público foi Constructora Consvial S.L., e o prazo máximo de execución da obra é de 12 meses. Prevese ademais que a actuación comece en setembro.

As obras comezarán en setembro e contan cun prazo de execución dun ano

O centro de saúde de Melide, que tamén incluirá un Punto de atención continuada (PAC), construirase nunha parcela cedida polo Concello de case 5.000 metros cadrados. Esta nova construción situarase moi preto da actual e agrupará todos os servizos sanitarios nun só edificio. Terá unha superficie construída de case 2.000 metros cadrados, o que supón un incremento do 60,69% respecto da superficie do actual centro de saúde, que conta cunha superficie de 1.200 metros cadrados.

O edificio disporá de cinco consultas de medicina de familia e outras cinco de enfermería; unha consulta de pediatría e outra de enfermería pediátrica. Contará tamén cunha sala de toma de mostras, unha consulta de farmacia e unha consulta de matrona. Tamén disporá dunha sala de educación sanitaria, consulta de odontólogo e de hixienista e unha zona de fisioterapia, que conta cunha ampla sala para ximnasio, ademais da consulta ao que hai que engadir cabinas de tratamento e sala de espera.

En canto ao PAC, disporá dunha consulta de medicina e unha consulta de enfermería, sala de reanimación - observación, recepción, aseos, vestiarios, esperas, tres dormitorios e sala de estar do persoal.

O Concello de Melide ten 7.025 tarxetas sanitarias, das que 798 son pacientes en idade pediátrica. Mentres que as urxencias extraordinarias dan cobertura a 9.600 pacientes dos concellos de Melide, Toques e Santiso, sendo a media diaria de 26 atencións.

Remata o obradoiro de emprego no que se formaron 20 xardineiros

Un total de 20 alumnas e alumnos formáronse en Melide e Boimorto nos últimos nove meses en Actividades Auxiliares en Viveiros, Xardíns e Centros de Xardinería e en Mantemento de Xardíns e Zonas Verdes, grazas a un obradoiro de emprego que contou cunha achega da Consellería de Economía de 317.000 euros.

Os alumnos comezaron a formación teórica e práctica o pasado mes de outubro e concluíron ao remate do mes de xullo.

Os traballos prácticos no Concello de Melide consistiron no acondicionamento do espazo libre na fronte do centro sociocultural de Furelos e no entorno do centro sociocultural de San Martiño. En canto ao Concello de Boimorto acondicionouse a zona axardinada no entorno da residencia de persoas maiores e centro de día, e no entorno do centro médico e o centro social municipal de maiores.

Durante a clausura, o delegado territorial da Xunta na Coruña, Ovidio Rodeiro, apuntou que "as estatísticas demostran que o 60% dos participantes logran atopar un emprego nos primeiros seis meses e incluso antes de rematar a súa formación, o que pon en evidencia a utilidade destes obradoiros".

O taller de emprego, denominado "Natureza no Camiño de Santiago", tamén contou coa colaboración do Concello de Melide e Boimorto.

Máis de 5.000 visitantes na oficina de turismo en xullo

A oficina de turismo do Concello de Melide recibiu durante o mes de xullo (ata o día 30), un total de 5.042 visitantes; dos cales 3.280 eran españois, 900 procedían de diferentes países de Europa, e 869 doutros países do mundo.

Así mesmo, pasaron pola oficina unha media de 174 persoas ao día aproximadamente, a gran maioría procedentes de España (uns 113 españois de media ao día). Estes, en gran parte procedían de Andalucía e da Comunidade de Madrid, aínda que tamén destacan os que se achegaron dende Cataluña, Comunidade Valenciana e Canarias.

En canto a europeos, a media foi dunhas 31 persoas ao día. Sobresaíron os visitantes italianos, seguidos máis de lonxe por aqueles que procedían de Francia, Alemaña e Reino Unido. Do resto do mundo a media foi de 30 persoas diarias. A súa maioría foron estadounidenses, seguido en orde decrecente por coreanos, mexicanos e brasileiros.

Participación cidadá a través da aplicación do Concello



A aplicación móbil do Concello, "Melide Informa", incorporou unha novidade á plataforma para facilitar o tránsito de información non só entre o organismo local e a veciñanza, tal e como sucedía ata o momento, senón tamén entre a veciñanza e o ente público. Así, a través da sección "Comunica", situada na marxe esquerda da aplicación, os veciños e veciñas de Melide poden informar en tempo real das incidencias que se producen no propio Concello. Ao mesmo tempo, tamén se poden achegar propostas para as diferentes áreas municipais.

Dende o goberno local explicaron que "a posta en marcha deste servizo non ten máis obxectivo que contar cunha nova vía para facer máis eficaz e eficiente a nosa xestión como goberno ao servizo dos veciños e veciñas".

Pola súa parte, a aplicación conta xa con 1.005 usuarios; 913 son descargas en terminais móbiles de Android e 92 en terminais IOS.

Axudas á dinamización da lectura na biblioteca municipal de Melide

A biblioteca pública municipal de Melide recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo –algo máis de 1.000 euros–, para a programación de actividades de dinamización da lectura, no marco do programa *Ler conta moito*. Do importe concedido, o 75% deberase empregar para financiar o custo de cada unha das actividades, mentres que o 25% restante deberase financiar con fondos propios. Entre as actividades incluídas nesta iniciativa atópanse algunhas como obradoiros creativos, narración oral, divulgación do coñecemento, audiovisual na biblioteca ou actividades de dinamización con música, teatro e danza, entre outras. Todas estas iniciativas están dirixidas a públicos específicos, como bebés de 0 a 3 anos, mozos e adultos, e desenvolveranse ata o 27 de outubro de 2019.

O Concello recibe unha achega para a promoción do uso do galego

Continuando coas axudas, o Concello de Melide recibiu unha achega de 3.525 euros para o mantemento do Servizo Lingüístico e, en consecuencia, para a promoción do uso da lingua galega. Os concellos beneficiarios, como é o caso de Melide, teñen a posibilidade de imputar os gastos derivados das accións normalizadoras que se realicen no período que vai desde o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2019, mentres que o prazo para xustificar as axudas rematará o vindeiro 21 de outubro.

Menos profesores para o colexio de Sobrado

Vinte familias están dispostas a cambiar os nenos de colexio se Educación reduce o cadro de persoal

Se o ano paso lle tocou sufrir o problema aos nenos do colexio de Arcediago, en Santiso, desta vez son os usuarios do colexio Virxe do Portal, en Sobrado dos Monxes, os que pelexan para que a Xunta non lles reduza o número de profesores no seu centro.

Que o número de alumnos descendese en catro nenos, pasando de 48 a 44, motivou que a Consellería de Educación tomase a decisión de suprimir dous profesores e, en consecuencia, a necesidade de agrupar a alumnos de diferentes idades nunha mesma aula.

Dende a Anpa do centro confirmaron "unha reunión cos responsables da Xunta a comezos do mes de setembro" e, en función das propostas e solucións acordadas en dita reunión "tomaremos as medidas oportunas", engadiron.

O que xa é unha realidade é que "varias familias xa tomaron a decisión de abandonar o colexio de Sobrado, e outras vinte están dispostas a sacar aos nenos do centro no caso de que non atendan as nosas peticións", sinalaron. As súas demandas van encamiñadas á solicitude dun profesor máis.

Santiso terá un profesor a xornada completa

No caso dos alumnos do colexio de Arcediago, as protestas realizadas por parte dos membros da Anpa o curso pasado tras coñecer a redución do cadro de profesores obtiveron resposta por parte da Xunta na consecución dun profesor a media xornada. Non obstante, para este curso escolar, e tamén para o vindeiro, ese profesor pasará a xornada completa, tal e como reivindicaron dende o primeiro momento os pais e nais dos alumnos.

O curso escolar comezará o 11 de setembro e rematará o 19 de xuño de 2020

Comezo do curso escolar

O calendario escolar para o vindeiro curso 2019/20 para os centros educativos sostidos con fondos públicos xa está dispoñible no portal educativo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Deste xeito, para o alumnado matriculado en 2º ciclo de infantil, en primaria e en educación especial as clases comezarán o día 11 de setembro de 2019 e rematarán o 19 de xuño de 2020; mentres que para os matriculados en ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de réxime especial o día de inicio de curso será o 16 de setembro e prolongarase ata o 19 de xuño de 2020.

Así mesmo establécense como períodos vacacionais Nadal (desde o 21 de decembro de 2019 ata o 7 de xaneiro de 2020, ambos inclusive); Entroido (os días 24, 25 e 26 de febreiro de 2020) e Semana Santa (desde o 4 ata o 13 de abril de 2020). Tampouco serán días lectivos os declarados festas de ámbito estatal e os festivos oficiais da Comunidade Autónoma así como o Día do Ensino, que se celebrará o 31 de outubro de 2019.

En canto ao calendario para o funcionamento dos comedores escolares dos centros públicos, en Educación Primaria funcionarán desde o 11 de setembro de 2019 ata o 19 de xuño de 2020; e en ESO desde o 16 de setembro de 2019 ata o 19 de xuño de 2020.

A Deputación ultima os traballos de eliminación das curvas do Toxo

Era unha demanda de vello e por fin é unha realidade; a eliminación das coñecidas como curvas do Toxo en Toques.

A Deputación da Coruña ultima os derradeiros detalles das obras de mellora do trazado desta estrada provincial (a DP 4604), que conecta os concellos de Toques e Melide.

As obras supuxeron un investimento de 299.390 euros e consistiron na eliminación definitiva dun punto negro de tráfico no que se rexistraban un elevado número de sinistros.

Executouse así a corrección do trazado no tramo de 600 metros que discorre entre os puntos quilométricos 4+060 e 4+650, eliminando as coñecidas como curvas de Toxo, entre os núcleos de A Cabana (Toques), e o de Pereira (Melide) e facendo un novo trazado máis recto e seguro.



Así mesmo, a vía, que contaba cun ancho de 7 metros, pasou a ter unha plataforma de circulación de 9 con dous carrís de 3,5 metros de ancho e beiravías de 1,5 metros en ambas marxes da estrada.

Os traballos para completar ao 100% as obras están a consistir na instalación de barreiras de seguridade e remate das cunetas.

Melloras de conservación e posta en valor no mosteiro de Sobrado

O conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, visitou as obras de conservación e posta en valor do Mosteiro de Santa María de Sobrado; unha actuación que ten como obxectivo recuperar o esplendor deste senlleiro conxunto monumental.

Durante o percorrido polas instalacións o titular autonómico comprobou de primeira man o desenvolvemento dos traballos que se están a executar e nos que a Xunta de Galicia está a realizar un investimento superior aos 1,4 millóns de euros.

Actualmente, estanse a realizar labores de limpeza dos elementos escultóricos nas fachadas sur e oeste, e no interior estase traballando na restauración do retablo da capela do Rosario. Tal e como explicou Román Rodríguez, as obras corrixirán deficiencias derivadas das filtracións de auga e das humidades presentes no inmoble.

O conselleiro de Cultura anunciou ademais durante a súa visita a licitación, por importe de 275.000 euros, dunhas obras para pór en valor as estruturas arqueolóxicas do campamento romano de Ciadella.

Adxudicadas as obras para a construción dunha senda peonil en Santiso

A Deputación da Coruña investirá 360.265 euros na mellora da seguridade vial da estrada provincial DP 4603, ao seu paso polos núcleos de A Balada e Vilar de Ferreiros, en Santiso, grazas á construción dunha senda peonil de case tres quilómetros de lonxitude. As obras xa foron adxudicadas e está previsto que comecen nas vindeiras semanas. Os traballos comezarán coa tala das árbores existentes na marxe da calzada, o traslado das sinais e da parada de bus existente, así como a demolición dos pequenos tramos de beirarrúas existentes. Pola súa parte, a nova senda terá 1,5 metros de ancho. Na actuación tamén se contempla o acondicionamento dos espazos libres de dominio público como son por exemplo as zonas verdes.

Lembran aos veciños a obriga de manter limpos os terreos ante posibles incendios

A través dun Bando, o Concello de Santiso lembrou aos veciños a obriga de manter limpos os seus terreos para garantir a seguridade fronte a posibles incendios. Parcelas, solares, edificacións de carácter industrial, etc "deben manterse libres de residuos e malezas, e os restos de limpeza retirados dos terreos". O incumprimento desta obriga pode implicar sancións que, segundo a normativa vixente, van dende os 100 euros as infraccións máis leves, ata o millón de euros as infraccións cualificadas como moi graves.

Empresas da comarca reciben achegas para facilitar o acceso a Internet

Unha empresa de Melide e outra de Toques foron beneficiarias das axudas da Xunta de Galicia para dotar de banda larga ultrarrápida os seus negocios. Trátase dun plan que subvenciona entre o 70 e 100 % dos custos das tarefas necesarias para dotar de banda larga ultrarrápida á empresa, ata un máximo de 20.000 € por proxecto. O custo mínimo do proxecto será de 2.000 €. Con estas axudas as empresas teñan acceso a redes de entre 30 e 600Mbps. No caso de Melide a empresa recibiu unha subvención de 7.781 euros, mentres que no caso de Toques a achega foi de 18.918 euros.

Cambio de horario no servizo do técnico municipal de urbanismo de Toques

Dende o Concello de Toques informaron de que a partir do 16 de setembro o técnico municipal de urbanismo do Concello prestará asistencia técnica urbanística nas oficinas municipais todos os luns en horario de dez da mañá a dúas do mediodía. Así mesmo, lembraron que xa se poden solicitar as axudas da Consellería de Medio Ambiente para a adquisición de vivendas para menores de 35 anos en concellos de menos de 5.000 habitantes. O prazo de solicitude rematará o 31 de outubro, a non ser que se esgote antes o orzamento.

O
¡XA ESTÁ AQUÍ!
ATA O 30 DE SETEMBRO DE 2019
PUNTO ROXO
ATA
50% DTO
EN MOBLES MARCADOS CON ESTE DISTINTIVO.
E O 50% EN TODOS OS ARTIGOS
pikolin
Aberto os domingos de 10:00 a 14:00 h
ASESORAMIENTO PERSONALIZADO
RECOGIDA DEL COLCHÓN ANTIGUO
FINANCIACIÓN A SU MEDIDA
SERVICIO POST-VENTA
TRANSPORTE GRATUITO
MOBLES ARES
deséxavos felices festas de San Roque 2019
pikolin
BULTEX
SEMA
sunlay
lattoflex air
Epeda
pardo

ASARELA

En Pasarela Melide atoparás o mellor:

- en moda informal para muller e home
- unha ampla colección de festa para muller
- e tamén en comuñón para nenas

R/Alexandre Bóveda, 10 (Melide) Tlf.: 981 50 59 08

PERFUMERÍA

LYSS

- Perfumería y complementos
- Droguería
- Cosmética
- Bisutería, artículos en plata
- Caftanes y bolsas de playa

Ronda da Coruña, 44 (Melide)
Tlf.: 981 50 76 84

Perfumeria Lyss Melide

Pescados MANOLO

O peixe máis fresco!

R/ Gaiteiros Os Garceiras, 3 (Melide) Tlf.: 981 50 73 97

Victorio

LIBRERÍA - PAPELERÍA

SORTEO VOLTA AO COLE!!

Gaña un vale de 30€ en material escolar para gastar ao longo do ano*

**Tráenos o cheque de mateiral escolar ou reserva os teus libros connosco antes do 25 de agosto, e entrarás nun sorteo de 30€ para canxear por calquera produto da nosa tenda!*

- AGASALLOS
- XOGUETES
- FOTOCOPIAS
- ENCADERNACIÓNS
- PLASTIFICADOS
- SERVICIO DE FAX
- PRENSA E REVISTAS

Reserva os teus libros con nós!

R/ Taboada Roca, 1 (Melide) Tlf e Fax.: 981 50 50 55

Instituto de la Sordera

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.

AUDÍFONOS PRIMERAS MARCAS

- **Ajuste de sus audífonos** personalizados.
- **Revisión y seguimiento** de sus ayudas auditivas.
- **Mantenimiento y reparación** de sus audífonos.
- **3 años de garantía.**
- **Pilas gratis*** para sus audífonos.
- **Financiación a medida** para la compra de sus audífonos.
- **Ayudas técnicas** para TV y Telefonía.
- **Protección auditiva** contra el agua y ruido.
- **Productos de limpieza** y accesorios para sus audífonos.

***Según modelo y durante el 1º año.**

Compromiso de satisfacción total,
si no queda satisfecho le devolvemos su dinero.

Ven a probar la última tecnología y olvidate de las pilas!

AUDÍFONOS RECARGABLES
Sencillos, automáticos,estéticos

PHONAK life is on A Sonova brand

Revisión Auditiva Gratuita

Garantía de Prestación Sanitaria
Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359

Pida su cita al T. 648 754 761

Ronda de la Coruña 34. MELIDE

ELECTROSAN

SUPER OFERTA





SOFÁS A MEDIDA

TODO O NECESARIO PARA O TEU FOGAR:
Electrodomésticos · Colchóns · Artigos para o descanso

C/ Martagona, 13
MELIDE
981 50 79 64
electrosanmelide@gmail.com
Síguenos en Facebook:
Electrosan

MEyPA
Instalaciones eléctricas

663 972 281
info@meypainstalaciones.es

INSTALACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA PARA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS
(Subvencionable hasta el 40%)
TRAMITACIÓN DE SUBVENCIONES
INSTALACIÓN SOLAR FOTOVOLTAICA PARA AUTOCONSUMO

Síguenos en:

Os Melidaos presentaron na Casa da Cultura o seu cuarto disco, *Tribo Nosa*

A gran maioría das pezas que contén este traballo, 11 de 15, son composicións propias de Antonio Raposo

O grupo de música tradicional Os Melidaos presentou en Melide o seu cuarto disco que leva por título "Tribo nosa". O disco, gravado novamente por Arturo Vaquero, de Estudios Abrigueiro de Friol, contén 15 pezas das cales a súa maioría son cantadas e compostas case na súa totalidade por Antonio Raposo, voz principal do grupo.

"Neste cuarto disco un dos aspectos máis importantes para nós é o feito de que das 15 pezas que contén, 11 son de composición propia, todas de Antonio Raposo; e iso quizais sexa o que máis distingue a *Tribo nosa* de anteriores discos", destacou Pepiño Blanco, fundador do grupo.

Xunto a esa achega propia á música tradicional segue habendo pezas cantadas e todo tipo de ritmos como por exemplo o pasodobre, a muiñeira, o valse, a foliada ou os alalás.

Destaca tamén neste novo traballo a homenaxe ao mítico grupo Os Garceiras de Melide gravando no mesmo a Muiñeira de Garceiras.

Durante a presentación houbo lembranzas para os catro Coros Históricos polos que senten gran admiración e respecto. "Os Melidaos están moi orgullosos de ter actuado nos actos do centenario do Real Coro Toxos e Froles de Ferrol, de Cántigas da Terra da Coruña e, o pasado mes de abril, no centenario da Coral De Ruada de Ourense", indicaron, de feito neste novo traballo inclúen dúas pezas do repertorio de Cántigas da Terra e da Coral De Ruada.

Os Melidaos, que xa publicaran os anteriores traballos nos anos 2009, 2012, 2015 e agora no 2019, organizaron un espectáculo moi aplaudido na Casa da Cultura de Melide no que sorprenderon ao público co artista convidado que abriu o acto, Miro Casabella.

Con este traballo, quen ten unha tiraxe de 2.000 exemplares, son xa 58 as pezas gravadas polos Melidaos, das que un total de 28 son de creación propia.

Agradecidos coa acollida do novo disco, ao que dedicaron case tres anos de traballo, o grupo continúa coa súa xira de actuacións.

Recentemente participaron no Festival de Pardiñas, un dos eventos máis importantes do verán e que cumpriu o seu corenta aniversario, e durante o mes de agosto estarán en Cabana de Bergantiños (10 de agosto), Oleiros (11 de agosto), e no festival *As nosas músicas* na Estrada o 14 de agosto.

Dous momentos da presentación (Fotos: Os Melidaos)

Rematan os campamentos de verán en Toques e Santiso con máis de 200 participantes

Participantes no campamento de verán do Concello de Toques

Un total de 60 participantes, pequenos e non tan pequenos, de Toques tiveron a oportunidade de gozar este verán coas diferentes actividades organizadas polo Concello durante as súas vacacións. Así por exemplo houbo Campamento de Verán, ata 12 anos; un Campus Deportivo, ata 18 anos; e un curso de natación para nenos e nenas de 7 a 12 anos. Durante a actividade diaria no Campamento de Verán os 30 participantes realizaron actividades lúdicas con xogos e traballos manuais na Aula da Natureza e participaron nun curso de natación destinado ao desenvolvemento das habilidades acuáticas. Tamén foron de excursión á Costa da Morte para visitar as "Torres do Allo" (Concello de Zas) e pasaron tempo na praia. Xunto ás actividades de cada día, nos campamentos tamén se realizaron accións formativas en días puntuais relacionadas coa reciclaxe e o consumo responsable. Pola súa parte, o Campus Deportivo transcorreu realizando todo tipo de deportes: fútbol sala, baloncesto, tenis, bádminton, orientación, natación, xogos predeportivos, atletismo e tenis de mesa. Ademais participaron nos "Xogos Bocélicos" nos que ao estilo olimpíadas, tres equipos realizaron unha competición doméstica onde se aglutinaron todas as modalidades deportivas. Durante o campus deportivo houbo tempo para visitar un rocódromo, o Museo Etnolúdico Galego e o Museo Pedagóxico Galego, ademais de realizar saídas á praia.

Día de piscina no campamento de verán do Concello de Santiso

Nos campamentos de Santiso participaron preto de 150 nenos e nenas cada semana, que realizaron actividades na mesma liña de anos anteriores. Así por exemplo, puideron gozar dos obradoiros da Rede Cultural e tamén de outros como foi o de cociña, xogos deportivos, turismo pola zona de Visantoña, a visita dos Cabaleiros do pantano e tamén dos bombeiros de Arzúa, saídas á queixería Varela ou actividades de reciclaxe. A maiores, os participantes tamén pasaron parte do seu tempo na piscina e realizaron xogos e obradoiros de traballos manuais entre outras alternativas. Este verán asistiron nenos con idades comprendidas entre os 3 e os 14 anos distribuídos cada semana en tres grupos de idades. Nas actividades, que se desenvolveron sempre en horario de mañá, participaron nenos de Santiso, Melide e do resto da comarca, "incluso algúns de Madrid, A Rioxa ou Asturias que pasan as súas vacacións de verán cos avós ou os tíos en Santiso".

A final do XXXIX Torneo de Fútbol Sala Concello de Melide será o 23 de agosto

Dende o pasado 1 de agosto e ata o venres día 23 do mesmo mes dispútase en Melide a trixésimo novena edición do Torneo de Fútbol Sala Concello de Melide; un campionato "necesario para a vila" tal e como apuntaron dende o club organizador, o Cire Melide. Proba diso é a cantidade de anos que se leva celebrando e o elevado número de participantes que recibe edición tras edición.

Entre os premios para este ano, 600 euros para o campión en categoría Sénior, e 300 euros para o subcampión. Ademais haberá trofeos para todas as categorías.

A entrada aos partidos é de balde, agás o día da final que terá un prezo de 2 euros.

Como vén sendo habitual, o pavillón municipal é o escenario para este torneo, no que participan dende a categoría alevín á sánior, e tamén a categoría feminina con un total de equipos que se incrementa ano tras ano.

Cumpre sinalar que algúns históricos do fútbol sala da comarca participan todos os anos e algúns xogadores de gran nivel nacional asisten habitualmente a presenciar este torneo cada verán en Melide.

A maiores, o torneo de fútbol sala de verán preséntase para os veciños da vila como unha alternativa de ocio nas noites de estío.

Visita polo Melide histórico

Os usuarios e usuarias do centro ocupacional de Melide tiveron a oportunidade de realizar unha visita guiada polo Melide histórico, unha actividade organizada polo Museo da Terra de Melide. Durante días diferentes realizaron un percorrido pola vila acompañados pola técnico de turismo do Museo, Cristina Vázquez. O grupo subiu ao Castelo para coñecer máis sobre o lugar e poder contemplar a Torre-Campanario da Igrexa do Convento. Despois de pasear polas rúas do casco vello melidense remataron a mañá na Capela de San Roque.

Día da Bicicleta en Melide

Como cada ano, coincidindo coas festas de San Roque, celebrarase en Melide o Día da Bicileta. Será o xoves 15 de agosto e estará aberto a participantes de todas as idades. Para realizar a inscrición, que é gratuíta, as persoas interesadas deberán achegarse o propio día aos xardíns do Cantón de San Roque entre as nove e as dez e media da mañá; horario no que se lles entregará aos participantes unha camiseta. Xa ás 10.30h terá lugar a saída do propio Cantón de San Roque.

Dende a organización lembran que será obrigatorio o uso do casco e que a metade do percorrido, na contorna da praia fluvial de Furelos, disporase do avituallamento necesario.

A carreira rematará de novo nos xardíns do Cantón de San Roque, onde se celebrarán os sorteos de tres premios consistentes nunha bicicleta, e en complementos e accesorios para a mesma.

A iniciativa está organizada polo Clube Ciclista Melidense e conta coa colaboración do Concello de Melide, entre outros.

BREVES

MELIDE

Xornadas

A Asociación de Troiteiros Río Furelos organiza como cada ano as xornadas de limpeza polo río Furelos e afluentes, que desta volta acadan a súa décimo quinta edición. Terán lugar os días **31 de agosto, e 7 e 14 de setembro**. O tramo a limpar abrangue uns 9 quilómetros de río incluíndo zonas do municipio de Toques e tamén de Melide como a ponte romana. As xornadas están abertas á participación de todos os voluntarios que queiran acudir e para iso só terán que anotarse a través do teléfono da asociación (696 60 73 48). De todos os xeitos, aquelas persoas que non se apuntasen e desexen participar, poderán facelo presentándose o propio día ás 9 da mañá na praia fluvial de Furelos, lugar de onde se partirá unha vez realizada a distribución dos grupos e treitos a limpar. Cada xornada desenvolverase de 9.00 a 13.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas, cunha parada ao mediodía para xantar. Dende o colectivo de troiteiros pídenlle aos voluntarios que acudan con roupa e calzado cómodo e vello para meterse polo río.

SANTISO

Festa do Río

O **sábado 24 de agosto** celebrarase a XL Festa do Río en Ponte da Cornella dedicada ao emigrante e o deporte. Ás 12.00 horas terán lugar as probas deportivas de maratón e natación e, acto seguido, a entrega de premios, concerto e xantar de irmandade. A xornada tamén estará amenizada musicalmente.

SOBRADO

Festival musical

O sábado **10 de agosto**, na praza do Concello, terá lugar o XV Festival Musical Intercultural da Xuventude en Sobrado. Será a partir das 21.30 horas e contará coa actuación estelar do recoñecido grupo Mägo de Oz, ademais de A Roda e La Banda del Camión. Os concertos son gratuítos.

Festa da Troita

Xa o domingo día **11 de agosto** terá lugar a vixésima edición da Feira da Troita con degustación de "Troita á montañesa" na praza do Concello e nos locais hostaleiros de Sobrado. Ás once da mañá procederase á apertura dos postos de artesanía e gastronomía, para máis tarde dar paso á actuación do Mago Antón. O pregón deste ano correrá a cargo de Bernardo Valiño, exsenador nado en Sobrado. Destacan as actuacións de Festicultores, Louband Street Band e fin de festa coa orquestra Metrópolis.

Festa da Auga

A celebración da Festa da Auga en Sobrado, prevista para o martes 6 de agosto, celebrarase finalmente o próximo **16 de agosto**. Será a partir das 17.00 horas na piscina municipal.

TOQUES

Visitas guiadas

Por segundo verán consecutivo o Concello de Toques organiza visitas guiadas á igrexa prerrománica de San Antolín, situada na parroquia de A Capela. Realízanse os **sábados e domingos** en horario de tarde (de 16.00 a 20.00 horas), durante **todo o mes de agosto**.

O NOSO RÍO E A (IR)RESPONSABILIDADE DOS QUE NOS GOBERNAN

Neste país dos mil ríos, como definía Cunqueiro a nosa terra, temos a inmensa fortuna de sentir a auga doce como un elemento tan accesible, que quizais non lle damos a importancia que merece. Aquí non estamos acostumados ás restricións que sofren noutros lugares, e aínda nos parece que chove dabondo como para permitirnos contaminala sen control ou tirar con ela. Sen embargo, sen necesidade sequera de recorrer a datos oficiais sobre a forte diminución de precipitacións dos últimos anos en Galicia, provocadas polo galopante avance dun cambio climático que os nosos gobernantes non semellan motivados dabondo, xa non de reverter, senón de frear ata un nivel compatible coa nosa propia supervivencia, calquera de nós estamos a constatar o deterioro dos nosos ríos en tan só unha xeración. Todos sabemos que non é ningunha anécdota que cada vez vexamos menos auga neles, e non falemos xa das troitas que se ven agora, comparado coas que se vían cando eramos pequenos.

Por parte da administración hidráulica da nosa Comunidade, Augas de Galicia, na súa páxina de Internet énchenselle a boca falándonos da importancia dos nosos ríos e rías para a nosa cultura e a nosa economía, mentres insta aos cidadáns a unha responsabilidade medioambiental, e a unha participación activa.

Respondendo precisamente a esta solicitude de participación, esta asociación presentou un primeiro escrito ante Augas de Galicia en setembro do 2018, onde se mostraba atónita fronte á visión esperpéntica de contemplar diariamente uns vertidos de cor abrancazada e cheirentos no polígono da Madanela cara a un regato que desemboca no Furelos á altura de Piñor, e, sabendo da existencia de denuncias previas, requiría dunha listaxe de todos os expedientes abertos ao respecto e a situación actual deles.

Cunha prontitude neste caso digna de eloxiar, Augas de Galicia respondeunos que o primeiro expediente de denuncia data xa do 2006, cunha multa para o Concello de 12.000€. Dende entón, a parte da historia tamén bastante cheirenta da depuradora que puido ter o polígono, e que lamentablemente aínda non ten, Augas de Galicia abre outro expediente de denuncia no 2011, outro no 2012, e outro no 2017.

É dicir, independentemente da responsabilidade de certas empresas e do Concello de Melide nestes vertidos, Augas de Galicia ten coñecemento da situación de deterioro medioambiental dende hai 13 anos, e aí a tedes, pedíndonos conciencia e responsabilidade á cidadanía.

A nosa resposta a Augas de Galicia por suposto tampouco se fixo esperar, e en outubro do ano pasado amosabamos a nosa indignación ante unha administración pública tan ineficiente como para facernos dubidar de que realmente sexa capaz de asumir as responsabilidades que lle competen. Solicitabamos como cidadáns as explicacións e desculpas pertinentes do responsable competente, e unha data concreta de execución das obras necesarias que remedien a situación vergoñenta actual.

A iso xa non recibimos resposta.

Todos estamos fartos de ver como a percepción que temos a cidadanía da clase política empeora día a día, e algúns preguntámonos se isto realmente lles importa. Están demasiado acostumados a dar só as explicacións que queren e como queren, e teñen a desvergoña de esixirnos a nós responsabilidade sen asumir eles a súa.

Neste caso do río Furelos, como en tantos outros, debemos facerlles ver que xa non nos vale que sigan cobrando dos nosos cartos, e poñéndose de perfil á hora de asumir as responsabilidades que os seus soldos levan consigo. Que se reúnan con que sen teñan que reunir, que busquen os cartos onde os teñan que buscar, que fagan os controis que teñan que facer, e que sancionen o que teñan que sancionar, porque os veciños e veciñas desta comarca non se van conformar con explicacións absurdas e imos esixir as actuacións precisas que poñan remedio aos múltiples focos de contaminación do noso río XA, tanto aos de orixe animal que afectan á praia fluvial, como aos de orixe industrial que afectan augas abaixo.

ASOCIACIÓN VECIÑAL MELIDÁ

Móbil: 601 60 44 88

E-mail: asociacionmelida@gmail.com

VISTA Á FRONTE

Vista á fronte.
Intento non reparar neles.
Non os vexo.
Están detrás de min,
e agora diante
ou ao lado.
Están por todas partes.
Non os vexo, pero síntoos.
Escoito os seus murmurios.
Polo baixo.
As súas voces lúgubres.
Fan burla
dos meus peores pesadelos.
Dos erros imperdoables.
Vós non os vedes,
pero agora están aquí.
É sempre así,
eu escapando deles.
Nunha carreira que sei
que algún día gañaran.
E eu perdereime a min mesma.

Alba López Buján
Alumna de 2º de Bacharelato do IES Melide

SERENATA HÚNGARA

Hungría, non contemples en barca
A cantiga de noite de Austria.
Que fan os ventos desviados,
Mais que esmagar a patria?

Hungría fonte de brío e esplendor,
achégate ás encostas de Istria;
Que contas ti húngaro da viaxe adriática?
A caso navegaches baixo temor?

Ou húngaro que bailas danza de valente soldado,
Toma ti camiño alpino de occidente
Toma ti suave aloumiño de esplendor
Á marca este da vienesa patria

Cóntame húngaro fugaz dos teus males
Cóntame húngaro que buscas nos mares
Cóntame húngaro se ves á conquista;
Lembra que son os Alpes morte de viaxantes

Cristian Álvarez Mejuto
Alumno de 2º de Bacharelato do IES Melide

Lembrando ao taxista Enrique, e fillos Quico e Chucho

Lendo no Boletín do Centro de Estudios Melidenses (Museo Terra de Melide número 31 - Nadal de 2018), a magnífica biografía que Héctor Fraga García lle dedica ao moi recordado médico de Melide, Eladio García Rodríguez, "Don Eladio", fíxome recordar a historieta que hoxe quero contarlles e que tamén quere ser unha especie de homenaxe a aqueles taxistas de hai 50 anos que, como deixou dito "Don Eladio", tanto se esforzaban para levar a xente ás parroquias e aldeas cando aínda non había estradas.

En canto ás parroquias da "Terra de baixo", como eran Visantoña, Beigondo, Ribadulla, Pezobre e outras máis, a chegada dos traballos da primeira explanación ao Campo de San Martiño das Varelas a primeiros dos anos 50 do século pasado (por onde iría pasar a estrada), transmitiunos certo optimismo xa que o máis difícil parecía acadado. E é que dende alí para abaixo case non había alturas nin depresións importantes, e con poucos esforzos xa poderiamos ter a tan desexada estrada a Melide.

Por aquelas datas residía en Cataluña, e no mes de xullo de 1958 viñemos de vacacións a muller e máis un fillo de tres anos de idade.

Como en Melide estaba esperando un familiar ca besta, pensamos que se houbese un taxi disposto a levarnos iriamos mellor, e sendo no verán ao menos dariamos chegado a San Martiño das Varelas.

Entón preguntamos en Melide se habería algún taxista para intentar a odisea, e informáronnos de que o taxi de Enrique era un dos que acostumaba a saír con pasaxeiros para o rural. Buscamos pois a Enrique e atendéronnos dous mozos (que agora soubemos que se chamaban Quico e Chucho), dicíndonos que eran os fillos de Enrique e que estaban dispostos a levarnos no taxi.

Entramos pois no coche, con eles os dous diante, e saímos de Melide pola estrada cara a Santiago, apartando da mesma pola esquerda. Foi polo lugar de Penas, por unha corredoira chea de auga e pedras da que xa nos custou traballo saír e pola que finalmente chegamos a un lugar chamado A Costa.

Despois das derradeiras casas da Costa había unha chaira grande e como aquela noite caera unha boa tormenta de auga formárase unha lagoa que cubría todo o chan ata o monte. Entón os valentes mozos enfrontáronse á charca polo lado dereito, pero cando chegamos ao medio parouse o motor do coche e non houbo maneira de poñelo en marcha.

Como aquel non era o río Jordán nin nosoutros os Israelitas para poder saír "a pie enjuto", saímos como puidemos do coche mentres lle dabamos as máis expresivas grazas e ao mesmo tempo preguntabamos canto tiñamos que pagar. Non recordo agora ben, pero penso que non aceptaron nada e alá quedaron empantanados de tal xeito que nunca soubemos como puideron saír e retornar a Melide.

Con todo, se algún dos familiares do por entón famoso Taxi Enrique aínda existe, quixera facerlles saber que sigo recordándoos con afecto e desexándolles o mellor e moita sorte; tanto se traballan no taxi como se non.

Xosé Núñez López

“En Melide danse unhas condicións climáticas idóneas para o cultivo de todo tipo de flores”

É diplomado en Empresariais e Técnico especialista en Informática e Xestión, pero dende sempre estivo vinculado ao mundo das flores grazas á afección de seu pai. Foi precisamente esa afección a que motivou a creación de varios invernadoiros antes incluso de abrir a tenda -Floristería Tarrío-, no ano ´91. Dende o 2008 Javier Tarrío está ao fronte dos invernadoiros; producen de forma máis eficaz e eficiente e, á parte de a servizos funerarios, dedícanse a decoracións para todo tipo de eventos.

Nos invernadoiros de Zaramil e Villamor Tarrío produce flores para diferentes puntos de Galicia e España

- Máis que á floristería dedícase vostede á parte da produción, á floricultura. En que consiste o seu traballo?

- Javier Tarrío (J.T.): É unha empresa dedicada ao cultivo, produción e comercialización de flor cortada. Para iso dispoñemos de 27 naves de invernadoiros aquí en Melide distribuídas en dúas fincas, unha en Zaramil e outra en Villamor, cunha superficie total de 11.500 metros cadrados dedicados ao cultivo de todo tipo de flores; desde flor de temporada como pode ser o clavel, rosa, Statice Limonium, aralia, gerbera, e outras moitas. Por poñer un exemplo, igual agora en temporada un trinta por cento da produción está dedicada a rosas, e outro trinta por cento a Statice (comunmente chamada siempreviva). En realidade producimos un pouco de todo o que se dá aquí, porque ademais temos unhas condicións climáticas moi axeitadas.

- É favorable o clima de Galicia para o cultivo de flor?

- J.T.: Digamos que en Melide se dan boas condicións durante unha época do ano, non todo o ano. Por exemplo, aquí a partir de mediados de novembro ata marzo non se produce polo frío que fai. Pero con respecto a outras zonas do panorama estatal si que temos vantaxes como a non escaseza de auga e dispoñer dun terreo moi fértil. No sur de España non se dan esas mesmas condicións, por iso cando nós producimos e alá hai escaseza, nós enviamos para o sur. E cando escasea aquí no inverno debido ao frío, importamos dende o sur.

- Canta xente empregan?

- J.T.: Somos catro persoas traballando nos invernadoiros.

- Cal é a temporada máis forte?

- J.T.: Dende abril ata novembro. Agora estamos en plena produción, cun segundo corte de rosas. Neste tempo hai moito traballo porque ademais hai que repartir a mercadoría e nós imos sempre sobre pedido. E non só producimos para a nosa floristería, producimos para almacenistas que venden a tendas, tamén para tendas, e para distintas zonas de España como Murcia, Chipiona, Ponferrada, etc.

- Como distribúen as flores, requiren dun transporte especial?

- J.T.: Temos dous furgóns repartindo. As flores necesitan ir en frío, nun camión frigorífico se van moi lonxe como por exemplo ao sur de España. No meu caso, como os clientes son de por aquí (Ponferrada, Lugo, Santiago, Coruña), pois para unha viaxe de unha hora máis ou menos van en cubos de auga bebendo. Así non se deshidratan. Para un transporte de maior distancia o medio óptimo para a flor cortada é sempre en frío entre 6 e 10 graos de temperatura, que tamén é a temperatura á que temos as cámaras frigorífica tanto da tenda como da nave, onde gardamos as flores dende que se cortan ata que se distribúen.

- Polo que vexo é un oficio máis delicado do que parece?

- J.T.: Moito. Partimos de que temos que dividir o traballo en ciclos, segundo a época do ano. Comezamos en xaneiro preparando e limpando para plantar en marzo flores como o clavel ou a gerbera; e non só en marzo, por poñer outro exemplo, a 17 de xullo plantamos 3.000 bulbos de gladiolo para que saian para Santos, entre mediados e finais de outubro, e poder vender o día 1 de novembro. E agora nesta época o que se fai sobre todo é cortar para facer pedidos; todos os días cortar e empaquetar para facer pedidos e por suposto repartir. Sempre temos que estar planificando. É un traballo moi laborioso. É certo que eu case sempre estou repartindo, pero cando acabo boto unha man nos invernadoiros, preparo os pedidos, xestiono a contabilidade. Iso si, o traballo nos invernadoiros é o máis duro, porque se pasa moita calor, hai moita humidade alí dentro. E despois hai que ter en conta que traballamos cunha mercancía moi perecedoira; o que se corta hoxe hai que despachalo para a semana porque nós intentamos traballar sempre con produto fresco.

- Con “moi perecedoira” a canto tempo se refire?

- J.T.: 15 días. Pero tamén depende do tipo de flor. Nós producimos moitos tipos de flor, pero estamos especializados en rosas, statice e gerbera.

- Que é o que máis estraga unha flor?

- J.T.: As pragas sen dúbida. Porque ademais hai moitas, hai por exemplo unha araña vermella que lle afecta á rosa; tamén está o Trips, que son uns bichiños que pican a flor e déixana fea; o pulgón, a mosca branca, iso é o que máis temos nesta zona e que agora estamos intentando tratar coa loita biolóxica. Logo por suposto, é evidente que os cambios bruscos de temperatura tampouco son recomendables.

- A que se refire coa loita biolóxica?

- J.T.: É unha técnica que implantei este ano e que consiste en introducir bichos depredadores para que coman as pragas, e a verdade é que estou moi contento. Antes gastabamos moito diñeiro en produtos fitosanitarios, co traballo que implica ter que sulfatar e estar exposto a ese tipo de produtos químicos. E agora, coa loita biolóxica, á parte de ser ecolóxico e respectuoso co medio ambiente, tamén respecta as flores. Soltamos uns bichiños (que só se aprecian cunha lupa específica) que son depredadores das pragas que danan as plantas, e o máis curioso é que os depredadores que nós soltamos non danan as flores. Son moi voraces, pero se non teñen pragas (outros bichos) para comer, non atacan ás plantas, cómense entre eles mesmos sendo así inofensivos para as flores. Dende logo é o futuro, é unha marabilla, porque cos produtos fitosanitaros cada vez hai máis complicacións.

- Cales diría que son as flores máis delicadas?

- J.T.: Quizais sexan as rosas, as máis delicadas, as que máis se estragan. As rosas temos que cortalas día si, día non. Con todo, está mal que o diga pero a verdade é que sacamos unha calidade de flor moi boa, porque abonamos moito e tamén porque a zona na que temos os invernadoiros é propicia e o terreo moi fértil.

- A modo de curiosidade, cal é a flor que máis lle gusta a vostede?

- J.T.: É difícil a elección, porque se hai cen variedades de flor eu produzo vinte, pero eu case diría que a rosa.

Floristería Tarrío
Tlf: 981 50 61 64
R/Amador Rodríguez, 7
(Melide)

Distribuciones

Ribeirao

Coca-Cola

Distribuidor Oficial

HIJOS DE RIVERA, S.A.
Estrella Galicia



Sala de Catas

Antigua Ferretería Ribeirao

VIÑOTECA
Ribeirao
Vino con Arte

Más de 1000 Referencias